



Confederación Intersindical Galega

(www.cigtelefonica.com)

DESPEDIMENTOS: VIA DE SOLUCIÓN

Todos os sindicatos do Comité Intercentros chegaron a un acordo o día 5 de abril para transmitirle á empresa un escrito co contido das modificacións sobre a proposta de novembro.

O día 7 de abril haberá unha xuntanza entre os Comités de Folga e a Empresa, a iniciativa desta na que, previsiblemente, se asine o acordo polo que se **resolven os expedientes de despedimento** e se desconvocan os paros e se retiran as respectivas demandas.

A CIG **quere facer constar o recoñecemento de coherencia e solidariedade** a todos os compañeiros e compañeiras que secundaron os **paros de 2 horas dos pasados días 9 e 30 de marzo**, pois souberon entender a obriga de mobilizarse para esixirle á Empresa que anule e retire os despedimentos dos nosos compañeiros.

Desde a CIG valoramos moi positivamente a nova situación e consideramos que as mobilizacións realizadas e a determinación dun importante número de compañeiras e compañeiros foi elemento clave para chegar a unha desexada solución para este conflito.

Coordinadora Nacional CIG Telefónica.

Galiza, 6 de abril de 2006